DT1.B1.2.4. Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos	X			Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B2.1.1. Identifica o sistema de representación empregado a partir da análise de debuxos técnicos, ilustracións ou fotografías de obxectos ou espazos, e determina as características diferenciais e os elementos principais do sistema.	X			Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B2. 1. 2. Establece o ámbito de aplicación dos principais sistemas de representación, e ilustra as súas vantaxes e os seus inconvenientes mediante o debuxo a man alzada dun mesmo corpo xeométrico sinxelo.	X			Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B2.1.3. Selecciona o sistema de representación idóneo para a definición dun obxecto ou espazo, analizando a complexidade da súa forma, a finalidade da representación, a exactitude requirida e os recursos informáticos dispoñibles.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1B2.1.4. Comprende os fundamentos do sistema diédrico e describe os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico

				práctico
DT1.B2.1.5. Comprende o funcionamento do sistema diédrico, relacionando os seus elementos, convencionismos e notacións coas proxeccións necesarias para representar inequivocamente a posición de puntos, rectas e planos, e resolve problemas de pertenza, intersección e verdadeira magnitude		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B2.1.6. Deseña ou reproduce formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispoñendo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B2.1.7. Visualiza no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías e cabaleiras).	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B2.1.8. Determina seccións planas de obxectos tridimensionais sinxelos, visualizando intuitivamente a súa posición mediante perspectivas a man alzada, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B2.2.1. Comprende o funcionamento do sistema de planos cotados como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos, ilustra as súas principais aplicacións mediante a resolución de problemas sinxelos de pertenza e intersección e obtén perfís dun terreo a partir das súas curvas de nivel.		X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B2.3.1. Realiza perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro, representando as circunferencias situadas en caras paralelas aos planos coordenados como óvalos en lugar de elipses, simplificando o seu trazado.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
. Realiza perspectivas cabaleiras ou planimétricas (militares) de corpos ou espazos con circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispoñendo a súa orientación para simplificar o seu trazado		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B2.4.1. Comprende os fundamentos da perspectiva cónica e clasifica a súa tipoloxía en función da orientación das caras principais respecto ao plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final, determinando o punto principal, a liña do horizonte, os puntos de fuga e os seus puntos de medida.			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B2.4.2. Debuxa coa axuda de utensilios de debuxo perspectivas cónicas centrais de corpos ou espazos con			X	Observación directa na aula Rúbrica/

circunferencias situadas en caras paralelas a un só dos planos coordenados, dispondo a súa orientación para simplificar o seu trazado				Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B2.4.3. Representa formas sólidas ou espaciais con arcos de circunferencia en caras horizontais ou verticais, debuxando perspectivas cónicas oblicuas coa axuda de utensilios de debuxo, simplificando a construción das elipses perspectivas mediante o trazado de polígonos circunscritos, trazándoas a man alzada ou coa axuda de patróns de curvas			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B3.1.1. Describe os obxectivos e os ámbitos de utilización das normas UNE, EN e ISO, e relaciona as específicas do debuxo técnico coa súa aplicación para a elección e a dobra de formatos, para o emprego de escalas, para establecer o valor representativo das liñas, para dispor as vistas e para a cotación		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B3.2.1. Obtén as dimensións relevantes de corpos ou espazos representados utilizando escalas normalizadas			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B3.2.2. Representa pezas e elementos industriais ou de construción, aplicando as normas referidas aos principais métodos de proxección ortográficos, seleccionando as vistas imprescindibles para a súa definición, dispóndoas axeitadamente e diferenciando o trazado de eixes, liñas vistas e ocultas			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B3.2.3. Cota pezas industriais sinxelas identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B3.2.4. Cota espazos arquitectónicos sinxelos identificando as cotas necesarias para a súa correcta definición dimensional e dispóndoas de acordo coa norma			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT1.B3.2.5. Representa obxectos con ocós mediante cortes e seccións, aplicando as normas básicas correspondentes.			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico

DEBUXO TÉCNICO II

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación	Procedementos e instrumentos de avaliación
DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade.		X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio práctica
DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión.		X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos		X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos		X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.		X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.		X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.		X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico

DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.		X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións		X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas		X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.	X	X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.	X			Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados	X			Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas	X	X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico

				práctico
DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.	X	X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.	X	X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída	X	X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.	X	X		Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.	X	X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do			X	Observación directa na aula Rúbrica/

debuxo técnico.				Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación		X	X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoño a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico
DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron			X	Observación directa na aula Rúbrica/ Portfolio Exame teórico-práctico

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

5.1.- Principios metodolóxicos xerais

A metodoloxía basearase na exposición da unidade temática e a proposta de actividades .

Será unha metodoloxía eminentemente práctica, co apoio da teoría ao comezo das distintas unidades e actividades.

A corrección dos traballos será diaria e personalizada, buscando o desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades e capacidades.

O proceso de realización dos bloques temáticos desenvolveranse en función das seguintes pautas:

Coñecemento: Ao principio apórtaselle ao alumnado unha base teórica e unha guía na para poder indagar en ditos coñecementos, así como nos procedementos derivados, e os obxectivos a cumprir, mediante explicacións e documentación. Tamén se lles explicarán as rúbricas que se aplicarán ás distintas actividades.

Experiencia: Reflexión sobre os exercicios e láminas realizados na aula

Acción : Realización das láminas, tarefas e exercicios que se propuxeron anteriormente

Reflexión: Durante a sesión de clase animarase ao alumnado á reflexión sobre o que está a facer, podendo corrixir ao instante.

5.2.- Didáctica de aspectos disciplinares concretos

Terá unha importancia fundamental:

- A asistencia diaria e puntual a clase. Ao ser unha área eminentemente práctica, é imprescindible a asistencia a clase. É importante a realización dos traballos na aula, para poder corrixir e reflexionar sobre as dificultades que aparecen na materia.
- Aportar os materiais necesarios para cada actividade.
- Actitude positiva e ansia de corrixir e aprender dos propios erros
- Investigación persoal no tema que se está a traballar.
- Respecto polo propio traballo e polo alleo.
- Respecto e coidado do material de clase e do da/os compañeiras e compañeiros.
- Axudar a crear un clima de traballo agradable
- Non interromper, falando, por exemplo, as explicacións e a dinámica de traballo persoal do alumnado e da profesora.

5.3.- Estratexias metodolóxicas

No desenvolvemento das tarefas pódense empregar diversas estratexias metodolóxicas:

- Coñecer, antes de comezar, as ideas previas, as dificultades de aprendizaxe do alumnado e os recursos dispoñibles.

- Introducir de xeito xeral o alumno na unidade, anticipando as tarefas previstas e os materiais necesarios para o desenvolvemento desta.
- Realizar exposicións (tanto por parte do profesor coma dos alumnos) utilizando diferentes soportes e incidindo no uso da imaxe e na expresión multimedia (oral, visual e outras).
- Complementar as lecturas coa busca de información e a reflexión tanto individual como en grupo.
- Fomentar a realización de esquemas ou mapas visuais do que se coñece e do que se quere coñecer, así como dos procesos de traballo tanto individuais como por medio de dinámicas grupais.
- Fomentar a exposición e posta en común, tanto na clase como fóra dela.
- Realizar visitas extraescolares ou invitar personaxes de interese á aula.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área

- Os materiais dixitais (vídeos, presentacións, animacións...) asociados á unidade.
- Outros recursos: Exposicións de debuxos e esquemas na pizarra
- Libro de texto de editorial Donostiarra
- Visitas a museos.

O material empregado polo alumnado será, entre outros:

- Material de debuxo básico: portaminas HB, lapis H para bosquejos.
- Rotuladores normalizados
- láminas e folios para bosquejos
- Compás precisión, escuadra e cartabón faber Castell, regra, plantillas de curvas
- Uso de programas de ordenador como AutoCad, QCAD, SketchUp
- Visita a páxinas web didácticas
- Outros materiais...

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

7.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 1º BACH. DEBUXO TÉCNICO I

Bloque I Xeometría e debuxo técnico

B1.1 Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente.

B1.2 Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

Bloque II Sistemas de representación

B2.1. Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexe amosar e dos recursos dispoñibles.

- B2.2. Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispoño de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.
- B2.3. Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoño a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución determinados.
- B2.4. Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final

BLOQUE III Normalización

- B3.1. Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final.
- B3.2. Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosquejos, esquemas, esbozos e planos.

7.2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2º BACH. DEBUXO TÉCNICO II**Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico**

B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.

Bloque 2. Sistemas de representación

B2.1. Valorar a importancia da elaboración de debuxos a man alzada para desenvolver a visión espacial, analizando a posición relativa entre rectas, planos e superficies, identificando as súas relacións métricas para determinar o sistema de representación axeitado e a estratexia idónea que solucione os problemas de representación de corpos ou espazos tridimensionais.

B2.2. Representar poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos mediante as súas proxeccións ortográficas, analizando as posicións singulares respecto aos planos de proxección, determinando as relacións métricas entre os seus elementos, as seccións planas principais e a verdadeira magnitude ou desenvolvemento das superficies que os conforman.

B2.3. Debuxar axonometrías de poliedros regulares, pirámides, prismas, cilindros e conos, dispendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios, utilizando a axuda do abatemento de figuras planas situadas nos planos coordenados, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.

Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos

B3.1. Elaborar bosquexos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.

B3.2. Presentar de xeito individual e colectivo os bosquejos, os esbozos e os planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño industrial ou arquitectónico, valorar a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a utilización de aplicacións informáticas, planificar de maneira conxunta o seu desenvolvemento, revisar o avance dos traballos e asumir as tarefas encomendadas con responsabilidade.

7.3.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NO BACHARELATO.

- Terase moi en conta o traballo diario do alumnado así como a boa actitude que amosen ante a asignatura: ***atención e interese nas explicacións, exposición de dúbidas e preguntas, traballo diario na clase e na casa cuidando a presentación nos exercicios, responsabilidade coas ferramentas e instrumentos de debuxo non esquecéndoas na casa.***

- Faranse 2 exames por avaliación que farán media entre si. (o exames serán sobre 10 puntos cada un deles). **A nota media das dúas probas valorarase nun 90%.**

- O alumnado ten que obter 5 puntos ou máis para superar cada avaliación.

- **1 punto máximo polo traballo de láminas e recollida de exercicios (10%) que se farán na aula e na casa**, segundo as recomendacións da profesora e nas datas acordadas na clase. Para obter 1 punto de traballo hai que entregar as láminas ou exercicios no prazo sinalado e entregar todos os exercicios propostos e ter máis do 80% ben realizados. **De ser entregado fóra da data sinalada descontarase 0,15 puntos do punto de traballo en cada lámina. Entregados con máis dunha semana de retraso non se recollerán.**

- **A nota media das dúas probas de cada avaliación terá que ser de 5 puntos mínimo.**

- As probas ou exames serán calificadas de 0 a 10. Aplicando o 90%

- **Haberá probas de recuperación, unha por avaliación, durante o curso.**

- Será tida en conta a actitude en canto ao traballo e interés do alumnado na cualificación trimestral.

- **O alumnado deberá superar todas as partes da materia (3 bloques, que se corresponderán aproximadamente coas tres avaliacións), debendo obter en cada avaliación unha nota de 5 puntos ou máis para superar a asignatura. A**

nota na avaliación ordinaria será a media das tres, tendo que ser a media igual o superior a 5 puntos para aprobar a materia.

.- Para os alumnos que teñan algunha avaliación suspensa e non aprobaran as recuperacións trimestrais farase unha proba final de recuperación, na que se avaliará a materia de todo do curso.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Ao finalizar cada unidade, cada avaliación e ao final de curso a profesora terá que cuestionarse:

- Que porcentaxe de alumnos/-as alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade no próximo trimestre/curso? Por que?
- Ao remate do curso sería interesante presentarlle ao alumnado unha enquisa anónima con cuestións relativas á práctica docente:
 - Aspectos positivos
 - Aspectos negativos
 - Cousas que repetirías
 - Cousas que detestas
 - Maneiras persoais de como che gustaría que fora a clase/explicacións/actividades, etc.
 - Ambiente da clase
 - Suxestións

O Departamento de Debuxo, en todas as súas áreas, polo tanto tamén en canto ao Debuxo Técnico, quere corrixir aqueles erros, dificultades ou aspectos que poderían ser mellorables.

Creemos importante facer un seguimento de resultados por avaliación e comentar as dificultades e incidencias, así como debater entre os membros do Departamento cal sería o mellor xeito de mellorar resultados, e tamén a motivación do alumnado, se fora preciso.

Faremos unha valoración- memoria de resultados por trimestre e unha memoria final. Nesta apuntaremos o que nos pareza oportuno resaltar co fin de ser mellorado no vindeiro curso.

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO RECUPERACIÓN E

AVALIACIÓN DE PENDENTES.

9.1. Recuperación durante o curso

En canto aos traballos que se deberán realizar, se un alumno ou alumna tivera varios exercicios incorrectos, podería presentar de novo, esta vez mellor, aquelas láminas ou exercicios non desenvolvidas correctamente, recuperándoas de este modo.

Haberá un exame de recuperación da materia ao remate do curso e probas de recuperación por avaliacións, que se corresponderán con algunha das tres partes nas que se divide esta área, coincidindo coas avaliacións. As datas de recuperación serán sempre consensuadas entre a profesora e alumnado.

9.2. Programa de reforzo para recuperar as materias pendentes

De haber alumnado pendente, farase un seguimento semanal, con actividades que se presentarán na data fixada. Así mesmo, plantexarase un exame xeral en febreiro e outro en maio, que incluírán parte teórica e práctica.

9.3. Probas extraordinarias

Para as probas extraordinarias de Setembro, o exame estrará composto por exercicios relativos a cada unha das unidades didácticas deste curso. O exame consistirá en 3 grandes bloques, con varios apartados cada bloque. ***Bloque I Xeometría Plana, Bloque II : sistema diédrico Bloque III dadas as vistas diédricas representar unha peza en perspectiva isométrica. A proba valorarase sobre 10 puntos, tendo que obter 5 puntos ou máis para superar a materia.***

(Ver Anexo modelo de proba extraordinaria de Setembro para 1º de Bacharelato)

10.- DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE PODEDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Todo o alumnado, tanto de 1º como de 2º, realizará un exercicio práctico inicial para que a profesora analice os puntos fortes e débiles e para incidir nestes con medidas de reforzo, tanto por abaixo como por enriba do nivel que amosen. Estas medidas poderán ser de carácter individual ou grupal. Realización de perspectivas, bosquejos ou exercicios dos bloques da materia(ver anexos) .

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Preténdese que o proxecto permita a flexibilización e a adaptación dos contidos..

Previamente, o profesor terá que cuestionarse:

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

12.- OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS

Desde a aula de debuxo actuaremos de acordo ao plan de convivencia deseñado neste centro educativo, sinalando e acatando as normas de convivencia establecidas en común acordo nas diversas reunións establecidas para tal fin.

En caso de incidencia, actuarase seguindo os procedementos para a situación dada.

Velaremos para que rexa a orde, o entendemento, o diálogo, a comprensión e se respecten os dereitos e deberes do alumnado, tanto nas horas de clase como de lecer, durante o período lectivo.

COMPRESIÓN LECTORA

Creemos importante este proxecto dende todos os ámbitos da vida escolar, tamén dende o Debuxo Técnico. Sabemos que é fundamental saber que nos piden para poder realizado, saber ler e interpretar ideas e saber transmitilas, non só graficamente, senón tamén lendo e escribindo e falando. Tamén pensamos que o alumnado debe ir coñecendo a cultura que envolve o terreo da arquitectura e a tecnoloxía, así como o deseño en todas as súas caras. Para iso queremos que eles e elas investiguen, busquen, sintan curiosidade por coñecer obras de arte, as súas características, os seus valores únicos... Para iso hai que ler e escribir.

COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

Desenvolveremos actividades de carácter teórico-práctico. Para a explicacións e comprensión de aspectos teóricos utilizaremos, en moitos casos información e documentación audiovisual procedente de internet, monográficos en DVD, etc.

O alumnado poderá utilizar internet, información facilitada pola profesora a traveso de google apps, etc para estudar, revisar e cotexar información relativa ás unidades temáticas.

TIC'S

No mundo no que o Debuxo Técnico, como ben é sabido, as TICs supoñen unha ferramenta de traballo de uso diario. Non existe profesional do Debuxo, tanto estudantes de arquitectura, deseño gráfico... que non use a diario como instrumento de traballo un ordenador cun programa dos variados que existen no mercado.

Por outro lado sabemos que á hora de elaborar traballos de investigación un xeito moi doado é o uso de internet para atopar información variada sobre calquera tema, tamén os que nos atinxen dentro desta área.

Este Departamento vai utilizar as TICs moi frecuentemente, para a elaboración de material de aula co que traballar, como para a proposta de actividades de busca de información. Utilizaremos aquelas páxinas que nos axuden a comprender os temas, construcións e deseños, etc, en todas as unidades didácticas que compoñen este curso.

EMPRENDEMENTO

Desde este departamento didáctico, animamos ao noso alumnado á toma de decisións, así como á autonomía, autoavaliación na realización das tarefas, actividades e exercicios. Tales valores determinan un carácter persoal de superación e disposición activa, nos que a creatividade e ao emprendemento persoal son valores positivos e metas ás que deberiamos chegar no Bacharelato. As actividades propostas tratarán de desenvolver o emprendemento e iniciativa persoal, durante os cursos nos que se imparte o Debuxo Técnico, para que, en futuras actividades xa no mundo do traballo, ou en posteriores estudos, presenten ferramentas de traballo.

EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL.

O alumnado de Bacharelato forma parte da sociedade galega, española e europea. No marco desta sociedade, o departamento de debuxo quere desenvolver individuos responsables co medio e educados nos valores cívicos e constitucionais propios.

En cada sesión de clase velarase polo respecto neses valores, non tolerando actitudes contrarias a tales preceptos cívicos e constitucionais.

Así mesmo, cremos fundamental o respecto polo valor patrimonial e artístico, as súas manifestacións e o respecto polo valor do alleo e polo propio.

EDUCACIÓN E SEGURIDADE VIARIA.

Participaremos activamente en actividades relativas á seguridade viaria propostas polo departamento de orientación

IGUALDADE EFECTIVA ENTRE HOMES E MULLERES. PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

No IES Laxeiro levase a traballar dun xeito moi dinámico ente tema. Dende diversos departamentos, incluído este, traballaremos con actividades relativas á igualdade e en loita contra a violencia de xénero.

Celebraremos, durante o curso actividades, actos, conferencias e saídas didácticas con motivo deste elemento transversal, que consideramos fundamental para mellorar neste aspecto social.

Así mesmo queremos sinalar o noso contacto activo co departamento de Igualdade do Concello de Lalín.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares deben ser valoradas positivamente polo seu carácter interdisciplinar. O efecto que estas teñen de achegamento da realidade ao/á alumno/a é un marco para a maduración individual, tanto a nivel de comportamento e sociabilidade como polo interese que teñen polo aprendizaxe sobre outras formas de facer e crear e estimulan aos rapaces na súa aprendizaxe.

Reúnense varias propostas coas que traballar:

- Visitas en viaxes concertados con rapaces do centro doutras materias a diferentes lugares polo seu interese patrimonial, arquitectónico ou cultural.
- Proposta de talleres e intercambio con outros colectivos de alumnos/as de outros centros.
- Visitas guiadas e puntuais a galerías e museos de arte de comunidade.
- Participación sobre xuntanzas ou exposicións de artistas Galegos ou de interese sobre a materia.
- Visitas a lugares pretos da comunidade que de interese cultural.
- E, se temos tempo e o consideramos oportuno, participación con outras actividades culturais do centro.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

O departamento de Debuxo vai establecer unha reunión periódica para revisar como se está a aplicar esta programación, que dificultades atopamos, como se adapta aos diferentes grupos, etc. Tamén coordinaremos niveis, tanto en sentido horizontal como vertical.

Por outro lado analizaremos porcentaxes de aprobados e suspensos, así como as posibles causas do fracaso, de habelo.

Finalmente, ao remate do curso escolar, estudaremos que partes se deron máis completamente e aquelas que quedaron escasas e por que, realizando unha memoria do mesmo, a ter en conta na programación de vindeiros cursos. Proporemos, sempre que sexa necesario, medidas de mellora.

15.- Anexos (Modelos)

15.1 Modelos Avaliación Extraordinaria DT I

Exame Debuxo Técnico I - 1º Bacharelato


Nome e apelidos: _____

Data: _____


BLOQUE I: XEOMETRÍA PLANA (3 Puntos)

A) Constrúe un péntagono de lado 3cm e fai o triángulo equivalente. (1 punto)

B) Circunferencia que pasa por p e é tanxente á de centro O nun punto T. (1 punto)





- c) Traza as rectas tanxentes interiores a duas circunferencias (1 punto)




BLOQUE II: SISTEMA DIÉDRICO (3 Puntos). (1 punto cada apartado)

- A) Traza as trazas dos planos dadas duas rectas que se cortan e 3 puntos non alineados:




B) Interseccións:

Traza as proxeccións dun punto de 12mm de afastamento que pertence aos planos P e Q




c) Distancias : Entre duas rectas paralelas.



BLOQUE III:

Dadas as vistas diédricas representar unha peza en perspectiva isométrica a escala 1:1 e acotar as vistas. (4 puntos) 3 puntos a peza , 1 punto acoutación.



15.2 Modelo Avaliación Extraordinaria DT II


Exame Debuxo Técnico II - 2º Bacharelato

Nome e apelidos: _____

Data: _____


BLOQUE I: XEOMETRÍA PLANA (3 Puntos)

B) Tanxentes dende un punto exterior a unha elipse. (1 punto)




B) TANXENCIAS. (1 punto)

Debuxa as circunferencias tanxentes a outra de centro A, e á recta r no punto T.



d) EIXE RADICAL (1 punto)


Traza o eixe radical das circunferencias de centros A e B.




BLOQUE II: SISTEMA DIÉDRICO (3 Puntos). (1,5 punto cada apartado)

A

Debuxa a intersección coa recta r dun tetraedro cunha cara apoiada no plano horizontal e de aresta AB dada.




B Acha Intersección da recta r co prisma, puntos de intersección co mesmo.
Verdadeira magnitude da mesma.



BLOQUE III:

Dadas as vistas diédricas representar unha peza en perspectiva isométrica a escala 1:1 e acotar as vistas. (4 puntos) 3 puntos a peza , 1 punto acoutación.



Nota : Coidar a precisión e a presentación , así coma o uso dos trazados axeitados en cada caso.

